

MESA SECTORIAL

MESA SECTORIAL DO DÍA 22 DE MAIO DE 2018 (CONTINUACIÓN DA DO DÍA 16)

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: HOMOLOGACIÓN RETRIBUTIVA.

A Administración nos presenta a súa proposta de suba salarial que parte de 50 euros en tres anos (15 euros no ano 2019, 15 euros no 2020 e 20 euros no 2021).

Ante esta proposta de homologación, si é que se lle pode chamar así, desde ANPE Galicia facemos a seguinte intervención:

Esta proposta que nos trae a Administración vai na liña do manifestado polo Conselleiro na entrevista en RNE o día 20 de maio na que manifestaba que ía ser unha negociación longa e dura e se nos acusaba ás Organizacións Sindicais de non ter talante negociar. A ANPE estas declaracións do máximo responsable da Consellería non nos gustan e nos parecen unha perigosa declaración de intencións e contraria ao que inicialmente se nos tiña plantexado. Non é esa a idea que se nos trasladou por parte da Administración o pasado martes 16. Non queremos unha negociación longa nin que se converta nunha feira. Esta proposta augura unha negociación dura e nos parece unha tomadura de pelo total e absoluta e en todo xeito inadmisíbel. Os prazos de aplicación tampouco nos parecen admisíbeles. ANPE Galicia considera que debería estar pechada a súa aplicación en dous prazos para deixalo rematado o próximo ano.

Vista a proposta que nos presenta hoxe a Administración desde ANPE Galicia non imos a presentar ningunha contraoferta e imos a deixar intacta a nosa reivindicación proposta na pasada Mesa Sectorial do día 16 que era de 130 euros mensuais. E solicitamos que a Administración modifique a súa proposta.

Queremos deixar claro tamén que ANPE Galicia non renuncia a negociar outro tipo de temas pero imos primeiro a negociar a homologación salarial antes de poñer enriba da mesa outro tipo de reivindicacións.

A Administración nos pide ás Organizacións Sindicais que baixemos as nosas propostas iniciais.

Na nosa segunda intervención ANPE manifesta que non vai a baixar a súa proposta inicial de 130 euros. ANPE quere negociar pero a proposta da Administración nos parece inaceptable tanto pola contía como polos prazos. Tampouco nos parece ben a redacción da cláusula de revisión xa que a que aparecía no último acordo non era o suficientemente efectiva e supuxo que estivésemos moitos anos sen entrar a negociar unha nova homologación. Demandamos novamente que a Administración nos presente outros números. ANPE ten vontade negociadora e está disposta a estudar os novos números que nos presente a Consellería mesmo esta mesma tarde si se nos convoca para elo.

A Administración nos convoca novamente para ás 16:30 horas.

Na sesión da tarde ANPE (xunto con CCOO e UXT) nos mantemos firmes na nosa proposta inicial de 130 euros.

A Administración nos convoca novamente para o vindeiro martes ao considerar que a súa é unha proposta seria e abandona a Mesa Sectorial.

Sen máis temas que tratar péchase a sesión sendo as 16:36 horas

